



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS E OUTRAS INTALACIÓNS CULTURAI DO CONCELLO E APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTIAGO DE LA FUENTE DO CONCELLO DE BETANZOS.

EXPEDIENTE: 2022/G015/000003

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

SUMARIO

Trámite de consulta pública de MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS E OUTRAS INTALACIÓNS CULTURAI DO CONCELLO E APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTIAGO DE LA FUENTE DO CONCELLO DE BETANZOS.

TEXTO

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto da ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE BETANZOS, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de quince días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A presente Ordenanza dítase no exercicio da potestade administrativa regulamentaria atribuída no artigo 4.1 da Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local, de 2 de abril.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

A Comunidade Autónoma de Galicia, regula a gratuidade das escolas infantís de 0-3 anos con efectos económicos a partires do curso escolar 2022-2023, tal e como se recolle na lei 18/2021 de 27 de decembro de medidas fiscais no Capítulo VI no seu artigo 29 que modifica de novo a lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia.

O Concello de Betanzos ten reguladas as tarifas da Escola infantil Municipal Santiago de la Fuente a través da ordenanza fiscal publicada no BOP nº 245 do 23 de decembro do ano 2015, na que se recollen uns prezos inferiores aos establecidos pola Xunta nas súas escolas infantís (Decreto 49/2012 de 19 de xaneiro, actualizado pola resolución de AGASS a 10 de maio do 2017, DOG, Nº 97 de 23 de maio do 2017).

Neste mesmo texto recóllense taxas pola prestación de outros servizos como: a entrada e visita ao museo das mariñas, visitas turísticas guiadas pola cidade, entrada e visita ao parque do pasatempos e prestación de servizos no conservatorio municipal, polo que é necesario modificar a dita ordenanza , unha vez que a escola infantil se regule de maneira separada.

A principal consecuencia da aprobación desta normativa consiste na gratuidade das escolas infantís ao conxunto do alumnado dende o curso 2022-2023, polo que se beneficiarán o 100% dos alumnos así como a relativa a os gastos de mantemento dos centros .

Este concello considera oportuno e necesario aprobar a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo da escola infantil municipal Santiago de la Fuente do Concello de Betanzos, para adaptalo a normativa e como consecuencia a modificación da ordenanza número 14, na que se eliminan os puntos relativos a escola infantil.

Todo iso vén xustificar a adecuación da norma aos principios de boa regulación previstos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cumprindo con iso a obriga das Administracións Públicas de actuar de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Betanzos, na data que figura na marxe.

A alcaldesa

María Barral Varela

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Betanzos - ORDENANZA FISCAL Nº 14. -REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS MUSEOS E OUTRAS INSTALACIÓNS CULTURAIAS DO CONCELLO.

Artigo 1.-Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos seguintes:

- A. A entrada e visita ao museo das Mariñas.
- B. As visitas turísticas guiadas á cidade.
- C. A entrada e visita ao parque do Pasatempo.
- D. A prestación de servizos no Conservatorio Municipal Elemental de Música.

Artigo 2.-Base imponible e cota tributaria.

A base e a cota tributaria determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

1. Entrada e visita ao Museo das Mariñas	1,25€
1.1 Prezo xeral	
2. Visitas guiadas pola cidade	44,00€
3. Entrada e visita ao parque do Pasatempo (parte superior)	1,25€
3.1 Prezo xeral	
4. Prestación de servizos no Conservatorio Elemental de Música	
4.1 Persoas empadroadas no municipio, por materia e ano	123,42€
4.2 Persoas non empadroadas no municipio, por materia e ano	279,04€

Artigo 3.-Exencións e bonificacións.

No museo das Mariñas e o Parque do Pasatempo estarán exentos os menores de 14 anos acompañados por persoa responsable, os maiores de 65 anos e os colaboradores invitados e investigadores, así como os grupos escolares do municipio.

No conservatorio estarán exentos os alumnos adscritos á banda municipal de música.

Os alumnos de membros de familias numerosas gozarán dunha redución do 20%.

Artigo 7.-Pagamento.

Devindícase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír dende que se solicita a prestación servizos regulados nesta Ordenanza.

Nos supostos xerais de entrada a Museos e instalacións, entenderase solicitada no momento de comparecer nos despachos de billetes ou accesos manifestando verbalmente

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

a petición.

Nos supostos en que media solicitude expresa, devindicarase a taxa no momento da súa presentación.

Artigo 8.-Normas de xestión.

1. A xestión e recadación da taxa corresponde aos Centros Culturais que prestan os servizos, e na súa falta á Tesourería.
2. Nos supostos de entradas para visita das instalacións, o pago esixirase e acreditará por medio de boleto ou ticket que se obterá e expedirá no acceso aos edificios e abonarase antes de ingresar nas instalacións. Cando medie autorización previa, ao solicitar a súa concesión abonarase o importe estimado da Taxa en concepto de depósito previo. Cando medie autorización previa, ao solicitar a súa concesión abonarase o importe de a Taxa por o procedemento de autoliquidación.
3. A primeira cota por matriculación no Conservatorio de Música abonarase no momento da inscrición e as anuais ou mensuais, cargaranse polo xestor da Taxa na conta bancaria designada polo beneficiario, sen necesidade de notificación expresa.
4. As cotas teñen carácter irreducible.
5. A Comisión de Goberno poderá autorizar a celebración de convenios nos cales se reduza ata o cento por cento do importe da entrada para abonar polos visitantes das instalacións culturais no momento de acceder a elas, quedando obrigada a entidade coa que se celebre o convenio. O Convenio que se celebre determinará a garantía que debe prestar a Entidade para garantir o pago.
6. A non asistencia aos cursos ou clases durante un período determinado non supón redución ningunha nin exención de tarifa.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincial e permanecerá en vigor ata súa modificación ou derogación expresa.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa María Barral Varela



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTIAGO DE LA FUENTE DO CONCELLO DE BETANZOS

Artigo 1.–Obxecto.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/85 reguladoras das bases do Réxime Local e artigos 41 a 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello de Betanzos aproba o prezo polo servizo da Escola Infantil Santiago de la Fuente, dependente do Concello de Betanzos, que se rexerá pola presente ordenanza, así como pola citada normativa, e demais que resulte de aplicación.

Artigo 2.–Suxeitos obrigados.

Están obrigados/as ao pagamento das cantidades que se establecen como prezo as/os nais/pais dos nenos e das nenas en situación de alta nos centros sinalados no artigo anterior, no seu defecto, os/as familiares ou os/as titores/as legais a quen corresponda o exercicio da patria potestade.

Artigo 3.–Pagamento.

O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 5 desta Ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes seguinte ao que correspondan.

No caso de utilizar o servizo de comedor por días soltos, realizarase o pagamento deste servizo xunto coa cota do mes seguinte.

Salvo o disposto no artigo 5 desta Ordenanza, a falta de asistencia da nena ou do neno ao centro non supón redución nin exención da cota mentres non se formalice a baixa correspondente.

A falta de pagamento de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, sen prexuízo da súa esixencia polo procedemento administrativo de constrinximento, orixinará a perda do dereito á praza.

Artigo 4.–Regras e definicións para a determinación do importe que se vai pagar.

Para a determinación do importe mensual que van pagar as persoas obrigadas ao pagamento dos prezos públicos determinados no anexo desta Ordenanza, teranse en conta as especificacións recollidas no dito anexo. Para os efectos da aplicación do anexo, a renda per cápita mensual da unidade familiar computarase segundo as seguintes regras:

- Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:
- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as maiores de dezaioito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.
- Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas. O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.
- O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

Artigo 5.–Suspensión temporal da cota.

- Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente á atención educativa e ao servizo de comedor (mensual) durante os seguintes períodos:
- O mes de vacacións anual da/o nena/o. En aqueles casos en que as vacacións sexan desfrutadas por quincenas o desconto farase efectivo cando se teña desfrutado a segunda quincena.
- Cando por calquera motivo distinto ao período de vacacións anuais o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.
- En ambos os dous casos a suspensión realizarase de oficio.
- Os suxeitos obrigados a que fai referencia o artigo 2 non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor no seguinte suposto:

a) Cando por causa debidamente xustificada a/o nena/o deixe de asistir temporalmente ao centro. Neste caso, a suspensión da cota terá lugar desde o primeiro día do mes natural seguinte á data de inasistencia ao centro e durará ata o día primeiro do mes natural en que teña lugar a reincorporación da/o nena/o ao centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ao día 15 do mes, a cota do comedor correspondente ao dito mes reducirase nun 50 por cento. A solicitude de suspensión da cota correspondente a este servizo, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o concello, que resolverá sobre a procedencia da exención.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Nos casos de suspensión temporal da cota correspondente ao servizo de comedor, o pagamento correspondente ao mes de reincorporación realizarase no prazo dos dez días naturais seguintes á data de reincorporación. Así mesmo, nos casos en que o órgano competente do concello acorde a non procedencia da suspensión solicitada, o suxeito obrigado deberá ingresar as cotas atrasadas no prazo dos dez días naturais seguintes á notificación da resolución denegatoria.

Disposición derradeira primeira

Autorízase á Alcaldía para ditar as normas que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta Ordenanza.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta Ordenanza.

Disposición final

A presente ordenanza reguladora entrará en vigor unha vez que publicada no Boletín Oficial da Provincia, nos termos indicados no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e manterase en vigor mentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

ANEXO 1

Tarifas

1) Prezo da atención educativa.- O prezo pola atención educativa en xornada completa na escola infantil Santiago de la Fuente dependente do Concello de Betanzos fíxase en 169,26 € mensuais.

Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as seguintes reducións:

a) Rendas inferiores ao trinta por cento do indicador público de renda de efectos múltiples, en diante IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 0 €, sen servizo de comedor 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 17,45 €; sen servizo de comedor 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 52,36 €; sen servizo de comedor 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 96,26 €; sen servizo de comedor 69,81 €.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cen do IPREM. Prezo da praza: con servizo de comedor 149,15 €; sen servizo de comedor 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cen do IPREM.

Prezo da praza con servizo de comedor 186,18 €; sin servizo de comedor 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cen do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 210,52 €; sen servizo de comedor 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cen do IPREM.

Prezo da praza: con servizo de comedor 243,31 €; sen servizo de comedor 169,26 €.

2) Prezo dos servizos complementarios:

a) Servizo de comedor: fíxase un importe de 74,05 euros mensuais. Para o caso dos/as nenos/as que non empreguen habitualmente o servizo e que desexen utilizalo algún día con carácter solto aboarán a contía de 4,23 euros por día. O prezo de comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

b) Horario ampliado: o prezo mensual de cada hora solta en que se incremente o horario normal será de 21,16 euros . O prezo da hora extraordinaria non estará suxeito a ningunha redución.

3) Descontos:

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

d) Bonificación do 100% de cota de atención educativa para os/as fillos/as da unidade familiar, a partir do comenzo do curso escolar 2022/2023.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota que corresponda pagar polo dito mes terá un desconto do 50 por cento.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

Contías máximas aplicables a centros de atención á primeira infancia unha vez aplicados os descontos anteriores:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL	ATENCIÓN EDUCATIVA	CUSTO SERVIZO COMEDOR			
	COTA ATENCIÓN EDUCATIVA	CUSTO MENSUAL	FAMILIA NUMEROSA	FAMILIA MONOPARENTAL	ALGÚN IRMAN
Inferior ao 30% do IPREM	EXENTO	EXENTO	EXENTO	EXENTO	EXENTO
Entre o 30% do IPREM e inferiores ao 50% do IPREM	EXENTO	17,45	13,51	13,51	13,51
Entre o 50% do IPREM e inferiores ao 75% do IPREM	EXENTO	17,45	13,51	13,51	13,51
Entre o 75% do IPREM e inferiores ao 100% do IPREM	EXENTO	26,45	21,16	21,16	21,16
Entre o 100% do IPREM e inferiores ao 125% do IPREM	EXENTO	37,02	29,62	29,62	29,62
Entre o 125% do IPREM e inferiores ao 150% do IPREM	EXENTO	52,89	42,32	42,32	42,32
Entre o 150% do IPREM e inferiores ao 200% do IPREM	EXENTO	63,47	50,78	50,78	50,78
Superiores ao 200% do IPREM	EXENTO	74,05	59,24	59,24	59,24

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela